



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/15
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 19 DE DECEMBRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO, Alcalde (IxM)

ASISTEN:

PSOE

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

AUSENCIAS:

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN (IxM)

SECRETARIA: Rosa Ana García Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación acta sesión anterior

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2. REC 9/2024

A Secretaria explica que detectando uns erros no expediente das horas extras /gratificacións pendentes de pago á Policía Local de Muxía, a Alcaldía modifica a proposta neste punto, retirando dela a aprobación correspondente a ese concepto (pago policía local Muxía por importe de 8450€).

Intervén seguidamente Dna Merce Barrientos: “ No último pleno aprobouse o pago de 15000 euros aproximadamente a Portos. O de agora é adicional? (O Sr Alcalde resposta que si). Continúa Dna Merce Barrientos: “ A factura de 65000€ de auga é para a que se habilitou crédito nunha recente modificación de crédito para a auga de Prado?. Hai facturas que deberían ser obxecto de licitación como os traballos de comunicación, outras de reparación de vehículos como unha dun taller de Olveiroa, refírese a vehículos municipais?. O Sr. Alcalde responde que ao parecer é factura de reparación do tractor municipal.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dña Merce Barrientos manifesta: “Votarei en consecuencia ás irregularidades constatadas no informe da intervención”.

Seguidamente é o turno de Dña Sandra Vilela: “ É certo que hai servizos sen contrato e o actual goberno está a traballar na licitación do lixo, do contrato de comunicación, etc., e seguiremolo a facer co resto dos servizos que están nunha situación ilegal.”

Sometido o asunto da Orde do Día a votación, o Pleno, coa abstención de Dña Merce Barrientos e o voto a favor do resto dos integrantes do pleno, acorda :

Considerando o principio de enriquecemento inxusto e a efectiva prestación dos servizos e outras actuacións obxecto de expediente,

Levantar o reparo suspensivo da intervención municipal.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 9/2024 aprobando:

RELACIÓN DE FACTURAS EN OPA PERTENCENTES A BOLSA DE VINCULACIÓN 9.2 E 3.2 E FACTURA DE SUBMINISTRO DE AUGA POR UN IMPORTE DE 65.338,40€, TOTALIZANDO UN IMPORTE DE 126.671,93€, PARA UN TOTAL DE 123 FRAS.

LIQUIDACIÓNS DE PORTOS DE GALICIA RELATIVOS A OCUPACIÓN DE:

FESTAS DE SEMANA SANTA 2023 POR IMPORTE DE 2.149,77€

ENTROIDO 2023, POR IMPORTE DE 5,14€

FESTAS DO CARMEN 2023, POR UN IMPORTE DE 468,52€

DIETAS POR PARTICIPACIÓN EN TRIBUNAIS DE SELECCIÓN PERSOAL 2023, POR UN IMPORTE DE 451,21€

HORAS EXTRA/GRATIFICACIÓNS PENDENTES PAGO POLICÍA LOCAL, POR IMPORTE DE 15925€

3. Expediente licitación SAF

O Sr Alcalde explica : “ Trátase dunha licitación de 440.000€ aproximadamente, e tratamos de licitar algo que vostede non fixo pese a dicilo durante cinco anos. Fixéronse os estudos económicos e aquí está. O ano pasado había 16000h, e agora vanse a contratar 18000h.”

Intervén D Iago Toba a continuación: “ Sra Secretaria , é cero que vin pedirlle os pregos e bases da licitación e me dixo que eran os que xa estaban feitos por nós?

A Secretaria contesta que efectivamente eran os mesmos que estaban en borrador debidamente completados.

Intervén o Sr Alcalde: “ Pode vostede dicir que os pregos estaban feitos pero como si non estivesen pois o que facemos é traelos agora a aprobación o que vostede non foi capaz de facer.”

O Sr Alcalde pídelo ao Sr Toba que non interrompa .



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A continuación intervén Dna Sandra Vilela: “ Incrementáanse as horas de SAF a 18000 e iso foi acordado nunha reunión da Alcaldía coa concelleira de política social, o técnico e eu. O estudo económico, o importe de hora faise dende que estamos gobernando, xunto coa secretaria e interventora municipais, e os pregos do SAF péchaos este goberno e non o anterior. Fálase coas traballadoras para que amosen as súas inquietudes e trátase de recoller nos pregos as que legalmente se poda delas. Por isto non é verdade que vostede pechase eses pregos. Non venda agora esa moto cando estivemos cinco anos pedíndolle que licitase o SAF. Xa tomou bastante o pelo ás traballadoras que despois das eleccións seguían esperando as súas promesas que nunca chegaron. Este goberno dous meses e medio despois de chegar licita o servizo e traballaremos para facer realidade a xestión directa do mesmo.”

Seguidamente é a quenda de Dna Merce Barrientos: “ É un requisito legal licitar ese servizo. O material técnico e administrativo estaba xa elaborado no mes de marzo, cando a modificación de crédito para o SAF, e cando preguntei varias veces ao respecto se me dixo que faltaba o OK político e non o fixeron. Os pregos os elabora o persoal técnico pero quen ten que cumprir a legalidade é o político. Apoiaremos esta licitación pois respecta o convenio e tamén nun Anexo se recollen as condicións pactadas polos traballadores coa empresa ata agora. O BNG xa manifestou a súa intención de que este servizo debe prestarse directamente e apostamos pola defensa de que sexa a Administración pública quen preste servizos deste tipo para garantir así o seu funcionamento con criterios de seguridade e ademais isto suporía unha redución de custe ao non ter que aboar IVE, BºI e gastos xerais.”

O Sr Alcalde manifesta a continuación: “Gustaríame que a prestación foise directa polo Concello pero agora non podemos comprometer nos a elo nun determinado tempo. Isto non é un triunfo de IxM, PP nin BNG. Isto é unha obriga que temos os que estamos aquí pero o que é certo é que non é un triunfo seu, Sr Toba.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade, acorda aprobar a seguinte Proposta de Alcaldía , ditaminada favorablemente pola Comisión informativa:

Incoado no seu día expediente para licitación do Servizo de Axuda no Fogar e constante no mesmo os PCAP e PPT elaborados pola Concellaría de Servizos Sociais, e informes preceptivos;

De acordo co previsto na LCSP;

Considerando que o importe desta licitación, que ascende a 440.279,28 €, excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal e por tanto é de competencia plenaria;

Propoño ao pleno:

-A aprobación do expediente de licitación mencionado, dos PCAP e PPT.

- Proceder á licitación a través de PLACE

4. POS Adicional 1/2025, gastos sociais extraordinarios

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da proposta ditaminada favorablemente, e na que se propón destinar todo o importe a gasto corrente, segundo asesoramento da intervención.

Intervén D Iago Toba: “ Este diñeiro que é da Deputación Provincial destínase ao SAF como se viña facendo nos últimos anos. Ese non é un servizo de competencia municipal se non autonómica que está dirixida polo PP e este goberno o forma o PP que non di nada. Hai que dedicarlle recursos económicos que poderían ir a outra cousa pero a Xunta de Galicia non cumpre coa súa función, e parte dos apuros económicos dos Concellos son por dar cobertura a este servizo.”

Dna Sandra Vilela, a súa quenda manifesta: “ Quizais non sexa o lugar axeitado nin o día pero efectivamente vostede anuncia que a obriga de financiar o SAF é 50% da Xunta e 50% do Goberno do Estado, e estamos



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

fai máis de 10 anos esperando que este pague á Xunta ese 50%. Fale vostede con Formoso e pídalle ao seu presidente que pague. Para o vindeiro pleno traerei unha moción para elo.”

Intervén a continuación Dna Merce Barrientos: “ A Xunta financia con 12-14 euros o SAF dependencia e a Deputación con 12-14 a libre concorrência e o resto sae dos recursos municipais, e isto supón un problema para os Concellos que prestan servizos de competencias que non son propias. Reclamar ao Goberno Central está ben pero tamén é un recurso dun goberno que a maior parte das veces se declara incompetente como pasou coa Lei do Litoral. Algún día caerán da burra e reclamarán a xestión de impostos ou para que as empresas que obteñen aquí rendementos paguen aquí os seus impostos e así non teríamos que estar sempre botando a culpa ao Goberno Central.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade, acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025: 79514,24

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	314.962,96 €	191.118,22 €	123.844,74 €	79.514,24 €	44.330,50 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	314.962,96 €	191.118,22 €	123.844,74 €	79.514,24 €	44.330,50 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	79.514,24 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	79.514,24 €

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, mércores 8 de xaneiro de 2025

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero